

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE DECEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:30 horas do día 11 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 7 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. Gilberto Moldes Crespo
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

5.- Apertura técnica e económica/Apertura administrativa e económica**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.345-446)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que segundo se indica no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 11 de decembro de 2018 non se presentou ningunha oferta para este procedemento.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a dos servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.345-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, dos servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.345-446)

Segundo.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 11 de decembro de 2018:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 22-11-2018, para a contratación por procedemento aberto da “Retirada e xestión de residuos vexetais das labores de poda de mantemento de zonas verdes levadas a cabo polo servizo de Montes, Paques e Xardíns do Concello de Vigo. EXPTE. 11345-446” que rematou o día 7 de decembro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha empresa”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición para este procedemento, como consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 11 de decembro de 2018, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.345-446) por non terse presentado ningunha proposición”.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (11.346-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (MOYCOSA, S.A., AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L. e GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 07:42	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA644-594B2E-25DBDC-DW7Z5S-N76LS1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo por metro lineal de varanda instalada
1	MOYCOSA, S.A.	19,12*
2	AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L.	-
3	GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L.	268,62 €/ml

* A oferta presentada por MOYCOSA, S.A. apártase substancialmente do modelo de proposición económica esixido no apartado 6B do Anexo I PCAP

No sobre electrónico presentado por AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L. unicamente consta unha táboa sen cubrir relativa á oferta económica.

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Á vista de toda a documentación presentada polos licitadores, a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Non admitir neste procedemento a AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L. por non ter presentado a documentación esixida no PCAP (documentación persoal: DEUC e Anexo VI e a proposición avaliable a través de fórmula).
2. Excluir a MOYCOSA, S.A. por apartarse substancialmente a súa oferta do modelo establecido no apartado 6B do Anexo I do PCAP e non deducirse o prezo ofertado polo licitador na documentación presentada (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2B do PCAP).
3. Conceder un prazo de tres días a GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. para que emende a documentación persoal. Concretamente deberá presentar o DEUC coas partes III "motivos de exclusión" e IV "criterios de selección" debidamente cumprimentadas.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

